

LIMIAR

Un espazo de comunicación

Unha cultura vén sendo un espazo de comunicación, unha multiplicidade de vieiros, de pontes polas que transitan as ideas, os coñecementos e os intercambios, e onde esas positivas sinerxías encontradas propician e proxectan outras posibilidades de relación e enriquecemento nese territorio e nos espazos destinatarios ou receptores deses impulsos. Vai facéndose así, e transformándose, o grande escenario da comunicación e do intercambio, da expresión e das linguaxes, do coñecemento e do diálogo, da creación, da reflexión e do necesario debate.

Potenciar e proxectar ese espazo de comunicación en Galicia, e desde Galicia, é un dos obxectivos do Consello da Cultura Galega, atento observador do acontecer por riba das fronteiras e lugar de encontro para os actores protagonistas do quefacer cultural, quer na súa dimensión artística e humanística, quer na expresión tecno-científica.

Comprometido con ese grande obxectivo, o Consello, sabedor de que Galicia é “célula de universalidade”, ten moi presente a necesidade de potenciar as relacións con Portugal e con todo o espazo da lusofonía. Estamos persuadidos de que Galicia ten moito que dicir e achegar desde a súa estratéxica posición nos ámbitos hispano e lusófono.

Nesas coordenadas debemos contemplar os pasos dados desde o Consello para acrecentar as posibilidades de comunicación

e de mutuo enriquecemento cultural con Portugal, atendendo asemade ás dimensións de cooperación abertas pola Unión Europea e pola construción dun espazo imprescindible na configuración do mundo na Sociedade Global.

Foi así como, a través da Sección de Comunicación, o Consello organizou o I Congreso Luso-Galego de Estudos Xornalísticos para reflexionar sobre a investigación e o ensino do xornalismo no espazo luso-galego. As actas que agora publicamos dan fe do traballo desenvolvido e subliñan o compromiso de continuar percorrendo conxuntamente ese camiño na procura de novos horizontes para a comunicación e a cultura.

Desde o Consello da Cultura Galega felicitámonos por ter contribuído a materializar máis unha vez un dos obxectivos que definen e xustifican o compromiso, actuante e decidido, desta institución estatutaria creada hai máis de vinte anos.

Alfonso Zulueta de Haz
Presidente do Consello da Cultura Galega